



navega
con
rumbo

Guía dos
profesores



www.edu.xunta.gal/navegaconrumbo



Coordinación:
Xunta de Galicia

Asesoramento técnico:
Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática
de Galicia (CPEIG)

Creación e contidos:
Vía Láctea Comunicación

Deseño gráfico e maquetación:
Vía Láctea Comunicación

Internet representa unha potente ferramenta educativa que ofrece un mundo de posibilidades para a aprendizaxe pero tamén supón unha serie de riscos que ás veces ocultan os seus beneficios.

A continuación atoparás algunhas recomendacións que como profesor ou profesora considerarás de interese para asegurar unha navegación segura do alumnado na Internet.

Hai un principio común a todas elas:

**non fagas en Internet
nada do que non farías
na túa vida real**

**Prepárate coas seguintes
recomendacións!**

Recomendacións

Formación

A **competencia dixital** do profesorado é fundamental, por iso é importante que o centro educativo teña unha política de formación relativa a Internet. Unha **formación permanentemente actualizada** asegura o **coñecemento do profesorado** sobre os conceptos relacionados cos **riscos na rede** e as posibilidades de **facerlles fronte**.

Seguridade nos equipos

Convén ter unha **boa seguridade nos equipos informáticos do centro** e mesmo un plan de educación en seguridade informática que axude aos usuarios a tomar conciencia tanto dos beneficios como dos perigos que presenta a Rede.

Establecemento de normativa

É preciso establecer un **regulamento básico de boa utilización dos equipos informáticos** nos centros para preservar tanto a integridade dos mesmos como a seguridade dos seus usuarios.

Estas pautas pódennle servir, ademais, ao alumnado como orientación para o uso dos seus propios equipos no fogar. Cómpre que as normas inclúan tamén **tempos de utilización** e a conveniencia de que un membro do equipo docente estea **acompañando ao alumnado** que estea a empregar o material informático para poder asesoralos nas súas dúbidas.


Protección da privacidade

Empregar un alcume e non intercambiar datos persoais por Internet son os primeiros pasos para protexer a privacidade, tanto dos profesores como do alumnado, así como ser consciente de que **calquera contido que se suba a Internet** estará **dispoñible para moitas persoas**.

Cando chega o ciberacoso

O **ciberacoso** é un novo xeito de acoso escolar de triste actualidade. Comprende diferentes tipos de acoso: pode ter un **compoñente sexual, racista, homófobo, etc.**, no que os **causantes** do mesmo **válense da tecnoloxía**.

A comunicación entre pais, nais, titores e o centro é, unha vez máis, fundamental tamén nos casos de ciberacoso. A comunidade educativa debe plantarlle cara comprobando calquera indicio ou denuncia coñecidos e acudindo a instancias xudiciais se fose necesario.



enlaces de interese

A continuación, indicámosche algúns enderezos web nos que atoparás recomendacións para que aprendas e te divirtas navegando de maneira segura pola Rede.

<http://www.edu.xunta.gal/navegaconrumbo/>

Navega con Rumbo conta con información e recursos para o emprego responsable na Internet do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.

017

O teléfono gratuito e confidencial de **INCIBE**.

<https://www.incibe.es/>

INCIBE, Instituto Nacional de Ciberseguridad de España é unha entidade de referencia para o desenvolvemento da ciberseguridade e a confianza dixital de cidadáns, rede académica e de investigación, profesionais, empresas e sectores estratéxicos.

<https://www.osi.es/es>

A **Oficina de Seguridad del Internauta (OSI)** de INCIBE proporciona a información e o soporte necesarios para evitar e resolver os problemas de seguridade que poden existir ao navegar por Internet.

<https://www.pantallasamigas.net/>

PantallasAmigas desenvolve proxectos e recursos educativos para a capacitación de rapaces e rapazas para desenrolar habilidades e competencias dixitais que lles permitan participar de forma activa, positiva e saudable na Rede.



<https://pegi.info>

Pan European Game Information o **PEGI** é un sistema de clasificación do contido de videoxogos por idades.

<https://www.aepd.es/>

A **Agencia Española de Protección de Datos** ten información sobre os teus dereitos en materia de protección de datos e recomendacións para garantilos.

<https://www.unicef.org/es/convencion-derechos-nino/convencion-version-ninos>

A versión para nenos dos Dereitos do Neno de **Unicef**.



Colexio Profesional de
Enxeñaría en Informática
de Galicia



XUNTA
DE GALICIA

www.edu.xunta.gal/navegaconrumbo